

## 5.4. políticas de desenvolvemento rexional

A análise das políticas de desenvolvemento rexional estrutúrase en 6 grandes apartados. No primeiro deles, preséntase unha serie de variables que permiten caracterizar a situación das 12 áreas funcionais de Galicia, así como a caracterización da Galicia interior e a Galicia occidental-costa.

Para a realización deste primeiro punto párese dos datos do Anuario económico 2001 publicado por La Caixa, da renovación do Padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 1999, do Mapa comarcal de Galicia, do primeiro Directorio de Empresas de Galicia publicado polo IGE, e dos datos facilitados polo Ardán.

Entre os aspectos salientables, as 24 comarcas pertencentes á Galicia occidental-costa (que agrupan a 138 concellos) acollen o 33,6% da superficie e o 69,5% da poboación galega, sendo a súa densidade de poboación de 190,3 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 42,2 habi-

tantes por quilómetro cadrado no caso da Galicia interior. En termos xerais, os diferentes indicadores económicos e variables con incidencia económica amosan unha distribución entre a Galicia interior e a occidental-costa similar á seguida polos datos poboacionais.

En termos de áreas funcionais, salienta a concentración de empresas nas áreas funcionais de Vigo e A Coruña, que acollen ó 40,3% das empresas (fonte: IGE) e facturan en torno ó 60% do valor engadido bruto e dos ingresos de explotación (fonte: Ardán) das firmas de Galicia.

Posteriormente, descríbense os instrumentos de desenvolvemento rexional da Unión Europea e os do Estado, para analizar despois os investimentos territorializados das administracións públicas. Finalmente, as últimas partes do presente apartado están dedicadas ó estudio dos indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria e de contabilidade rexional.

## Desenvolvemento interior de Galicia

A primeira aproximación ó desenvolvemento interior de Galicia realízase a partires dos datos referidos ó territorio e poboación en Galicia. Tal e como reflicte o **cadro C.5.13. (*Territorio e poboación nas áreas funcionais galegas*)**, se se considera a separación entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, os 138 concellos pertencentes á Galicia occidental-costa acollen o 33,6% da poboación galega segundo os datos do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 1999, sendo a súa densidade de poboación de 190,3 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 42,3 habitantes por quilómetro cadrado da denominada Galicia interior.

O número de entidades de poboación na Galicia interior ascendeu a 16.283, o 54,4% do total de Galicia, o que dá mostra do grao de dispersión da poboación galega.

Atendendo ós datos das diferentes áreas funcionais, A Coruña e Vigo son as que presentan a maior poboación, con 512.456 e 498.682 habitantes (o 18,8% e o 18,3% da poboación galega, respectivamente). En termos de densidade de poboación, a área funcional con maior densidade é Vigo, con 310,6 habitantes por quilómetro cadrado, seguido de Pontevedra, con 252,6 hab./km<sup>2</sup>. Pola contra, as que presentan unha menor densidade son Verín e O Barco, con 21,5 e 25,2 hab./km<sup>2</sup>.

En relación ós indicadores económicos de Galicia, **cadro C.5.14. (*Principais indicadores económicos das áreas funcionais galegas 1999*)**, a “cota de mercado” –índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa mediante un termo medio de números índices de distintas variables para expresa-la participación (en tanto por 100.000 sobre o total nacional)– amosa que a Galicia occidental presenta unha capacidade de consumo de 4.422 (o 68,2% do valor do índice en Galicia) e que na Galicia interior, este é do 2.023.

Respecto ós diferentes “índices”, a Galicia occidental-costa ten uns valores en torno ó 70% do total de Galicia, agás no caso do índice turístico, que acada o 81,5% do valor total de Galicia e expresa a importancia turística desta área..

Centrando e estudio no caso das áreas funcionais, a área funcional de A Coruña é a que presenta os maiores valores nos 6 indicadores considerados, seguida sempre por Vigo agás no caso do índice turístico, onde as áreas funcionais de Santiago e Pontevedra sitúanse entre as dúas áreas funcionais.

Pola contra, as dúas áreas con menores valores no caso da cota de mercado, e dos índices comercial, de restauración e bares e turístico son Verín e O Barco. No caso das áreas funcionais con menor valor do índice industrial, sitúanse entre Verín e O Barco as áreas funcionais de Lalín e Monforte, e no caso do menor índice de actividade económica, é Lalín a que está entre ámbalas dúas.

En relación ás variables con incidencia na actividade económica, **cadro C.5.15. (*Principais variables con incidencia nas áreas funcionais galegas 1999*)**, salienta que, agás no caso das oficinas bancarias e das actividades industriais, todas elas seguen a mesma distribución xeográfica entre Galicia occidental-costa e Galicia interior que a existente para a variable poboacional.

Así, a Galicia occidental-costa acolle en torno ó 70% dos teléfonos, empresas, actividades comerciais minoristas ou actividades de restauración e bares, en tanto que a porcentaxe de actividades industriais na Galicia occidental-costa e o peso relativo do número de oficinas bancarias no total galego está preto do 65%.

Ó igual que acontecía no caso dos diferentes índices económicos, A Coruña e Vigo son as áreas funcionais que presenta os valores máis altos das variables consideradas, mentres que as áreas funcionais menos desenvolvidas seguen a ser Verín e O Barco.

Número de empresas en Galicia a 1/1/1999. Distribución por áreas funcionais

|  | Área funcional de Ferrol | Área funcional de A Coruña | Área funcional de Santiago | Área funcional Montforte | Área funcional de Lugo | Área funcional de A Mariña | Área funcional de Cunqueña | Área funcional de Verín | Área funcional de O Barco | Área funcional de Vigo | Área funcional de Fontevede | Área funcional de Lalín | Galicia Interior | Galicia Occidental-costa | Total Galicia |
|--|--------------------------|----------------------------|----------------------------|--------------------------|------------------------|----------------------------|----------------------------|-------------------------|---------------------------|------------------------|-----------------------------|-------------------------|------------------|--------------------------|---------------|
| <b>INDUSTRIAS EXTRACTIVAS</b>  | 12                       | 24                         | 22                         | 9                        | 43                     | 21                         | 39                         | 8                       | 34                        | 148                    | 20                          | 14                      | 170              | 224                      | 394           |
| Extracción de produtos enerxéticos   | 1                        | 1                          | 0                          | 0                        | 0                      | 4                          | 0                          | 0                       | 0                         | 0                      | 0                           | 0                       | 4                | 4                        | 8             |
| Extracción doutros produtos minerais agás produtos enerxéticos                 | 11                       | 23                         | 22                         | 9                        | 39                     | 19                         | 39                         | 8                       | 34                        | 148                    | 20                          | 14                      | 166              | 220                      | 386           |
| <b>INDUSTRIA MANUFACTUREIRA</b>  | 674                      | 2.992                      | 1.862                      | 338                      | 1.127                  | 422                        | 1.636                      | 180                     | 220                       | 2.495                  | 1.424                       | 492                     | 4.675            | 9.187                    | 13.962        |
| Industria da alimentación, bebidas e tabaco                                    | 163                      | 436                        | 373                        | 125                      | 252                    | 77                         | 438                        | 56                      | 84                        | 337                    | 338                         | 96                      | 1.219            | 1.586                    | 2.775         |
| Industria textil e da confección   | 72                       | 637                        | 264                        | 26                       | 66                     | 80                         | 131                        | 31                      | 4                         | 273                    | 136                         | 60                      | 438              | 1.342                    | 1.780         |
| Industria do coiro e do calzado  | 0                        | 18                         | 11                         | 8                        | 4                      | 1                          | 9                          | 1                       | 0                         | 14                     | 1                           | 1                       | 27               | 41                       | 68            |
| Industria da madeira e da cortiza  | 82                       | 293                        | 288                        | 38                       | 142                    | 79                         | 264                        | 30                      | 32                        | 305                    | 209                         | 124                     | 752              | 1.134                    | 1.886         |
| Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 40                       | 220                        | 153                        | 7                        | 50                     | 15                         | 47                         | 4                       | 4                         | 242                    | 80                          | 19                      | 144              | 737                      | 881           |
| Refinado de petróleo e tratamento de combustibles nucleares                    | 0                        | 0                          | 0                          | 0                        | 0                      | 0                          | 0                          | 0                       | 0                         | 0                      | 0                           | 0                       | 0                | 0                        | 0             |
| Industria química  | 8                        | 38                         | 18                         | 0                        | 8                      | 2                          | 22                         | 1                       | 0                         | 38                     | 21                          | 6                       | 43               | 119                      | 162           |
| Industria da transformación do caucho e materias plásticas                     | 9                        | 49                         | 12                         | 1                        | 11                     | 1                          | 24                         | 0                       | 0                         | 71                     | 14                          | 1                       | 45               | 148                      | 193           |
| Industrias doutros produtos minerais non metálicos                             | 36                       | 172                        | 111                        | 22                       | 88                     | 32                         | 126                        | 14                      | 39                        | 206                    | 107                         | 38                      | 383              | 608                      | 991           |
| Metalurxia e fabricación de produtos metálicos                                 | 104                      | 394                        | 294                        | 69                       | 284                    | 49                         | 284                        | 28                      | 39                        | 432                    | 229                         | 73                      | 868              | 1.391                    | 2.259         |
| Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico                       | 16                       | 131                        | 44                         | 3                        | 51                     | 14                         | 27                         | 0                       | 4                         | 118                    | 44                          | 10                      | 115              | 347                      | 462           |
| Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico                 | 26                       | 109                        | 56                         | 8                        | 28                     | 9                          | 50                         | 4                       | 5                         | 121                    | 31                          | 7                       | 111              | 343                      | 454           |
| Fabricación de material de transporte  | 45                       | 75                         | 38                         | 1                        | 12                     | 27                         | 14                         | 0                       | 2                         | 166                    | 94                          | 1                       | 31               | 444                      | 475           |
| Industrias manufactureras diversas   | 73                       | 420                        | 200                        | 30                       | 151                    | 36                         | 200                        | 11                      | 7                         | 172                    | 120                         | 56                      | 499              | 977                      | 1.476         |
| <b>PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS E AUGA</b>              | 15                       | 31                         | 19                         | 4                        | 5                      | 4                          | 8                          | 0                       | 1                         | 13                     | 6                           | 3                       | 26               | 83                       | 109           |
| <b>CONSTRUCCIÓN</b>  | 1.094                    | 4.161                      | 2.558                      | 496                      | 1.656                  | 668                        | 2.724                      | 272                     | 402                       | 2.808                  | 2.377                       | 647                     | 7.155            | 12.708                   | 19.863        |
| <b>MOTOCICLETAS E CICLOMOTORES E ARTIGOS DE USO DOMESTICO</b>                  | 3.491                    | 11.191                     | 6.970                      | 1.122                    | 4.284                  | 1.496                      | 5.255                      | 632                     | 620                       | 10.128                 | 6.667                       | 1.327                   | 15.261           | 37.922                   | 53.183        |
| <b>HOSTALERÍA</b>  | 1.690                    | 4.188                      | 3.067                      | 413                      | 1.637                  | 573                        | 2.051                      | 287                     | 242                       | 3.307                  | 2.416                       | 549                     | 6.044            | 14.376                   | 20.420        |
| <b>TRANSPORTE, ALMACENAMENTO E COMUNICACIÓNS</b>                               | 743                      | 2.902                      | 1.651                      | 274                      | 1.377                  | 376                        | 1.194                      | 196                     | 158                       | 2.625                  | 1.285                       | 441                     | 4.303            | 8.919                    | 13.222        |
| <b>INTERMEDIACIÓN FINANCEIRA</b>   | 174                      | 459                        | 288                        | 36                       | 193                    | 66                         | 182                        | 13                      | 21                        | 363                    | 199                         | 47                      | 560              | 1.481                    | 2.041         |
| <b>ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E DE ALUGUEIRO; SERVICIOS EMPRESARIAIS</b>        | 1.211                    | 6.118                      | 2.626                      | 279                      | 1.805                  | 372                        | 2.032                      | 115                     | 167                       | 4.302                  | 2.178                       | 320                     | 5.128            | 16.397                   | 21.525        |
| <b>EDUCACIÓN</b>   | 198                      | 509                        | 360                        | 34                       | 171                    | 65                         | 251                        | 14                      | 17                        | 546                    | 263                         | 35                      | 574              | 1.889                    | 2.463         |
| <b>ACTIVIDADES SANITARIAS E VETERINARIAS, SERVICIOS SOCIAIS</b>                | 370                      | 1.212                      | 809                        | 77                       | 530                    | 112                        | 460                        | 30                      | 44                        | 990                    | 622                         | 88                      | 1.321            | 4.023                    | 5.344         |
| <b>A COMUNIDADE; SERVICIOS PERSOAIS</b>  | 652                      | 1.915                      | 1.176                      | 185                      | 689                    | 248                        | 841                        | 73                      | 100                       | 1.522                  | 975                         | 186                     | 2.311            | 6.251                    | 8.562         |
| <b>Total</b>   | 10.324                   | 35.702                     | 21.820                     | 3.267                    | 13.517                 | 4.423                      | 16.673                     | 1.820                   | 2.026                     | 29.247                 | 18.432                      | 4.149                   | 47.528           | 113.460                  | 160.988       |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Dirección de empresas de Galicia

**Situación financeira dos instrumentos de Política Rexional da UE 1999**

| Instrumento financeiro | Concepto                          | Importe                 | G/E  |
|------------------------|-----------------------------------|-------------------------|------|
|                        |                                   | (en millóns de pesetas) | (%)  |
| FEDER                  | Pagos percibidos 1999             | 78.714                  | 12,6 |
| FEOGA-Orientación      | Aplicación de recursos a 31/12/99 | 17.014                  | 9,2  |
| IFOP                   | Aplicación de recursos a 31/12/99 | 26.118                  | 11,5 |
| FSE                    | Axudas concedidas                 | 20.567                  | 5,5  |
| Fondo de Cohesión      | Pagos recibidos 1999              | 9.777                   | 5,2  |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir dos datos do Ministerio de Administraciones Públicas, Informe Económico-Financiero de las Administraciones Territoriales 1999 .

A partires dos datos do primeiro **Directorio de Empresas de Galicia** presentado polo IGE, é posible coñecer a distribución das empresas segundo a súa actividade económica e a área funcional á que pertencen.

Atendendo á distribución entre Galicia occidental-costa e á Galicia interior, os **cadros 5.4.1. e C.5.16.** (*VEB e Ingresos de explotación das empresas galegas 1999: distribución segundo áreas funcionais*) reflicten que as 24 comarcas pertencentes ó primeiro grupo acollen o 70,5% do total de empresas que teñen a súa sede social en Galicia (fonte: IGE), xerando o 85,2% do VEB de 1999 e o 86,5% dos ingresos de explotación.

Nestas comarcas salienta, por unha banda, o elevado peso relativo no total galego das empresas pertencentes ó subsector fabricación de material de transporte, co 90,3% das empresas, e das industrias do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados, co 83,7%. Pola contra, a importancia relativa das industrias extractivas (e a dos seus compoñentes), acada o 56,9%, e a das industrias de alimentación, bebidas e tabaco, o 56,1%.

Os devanditos **cadros 5.4.1. e C.5.16.** amosan a concentración da actividade nas áreas funcionais de A Coruña e Vigo, onde as empresas emprazadas nestas áreas funcionais (o 40,3% do total das empresas galegas, segundo o IGE) xeran o 60% do valor engadido bruto e o 61,7% dos ingresos de explotación. Atendendo ás dis-

tintas ramas de actividade, Vigo e A Coruña acollen máis da metade das empresas galegas no caso das industrias de transformación do caucho e materias plásticas (62,2%), da industria da construción de maquinaria e equipo mecánico (53,9%), da industria do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados (52,4%), da industria téxtil e da confección (51,1%) e da industria de fabricación de material de transporte e de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico (50,7%).

### Instrumentos de desenvolvemento rexional da Unión Europea

O interese do comportamento financeiro das Administracións Territoriais en Galicia, e o impacto dos diferentes instrumentos de Política Rexional da Unión Europea e do Estado en Galicia, xustifica remiti-la análise correspondente ó ano 1999, ó dispoñer como fonte do Informe Económico Financeiro das Administracións Territoriais do Ministerio de Administraciones Públicas, publicado no ano 2000.

Os pagos do **FEDER** percibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia (Obxectivo I) no ano 1999, **cadro 5.4.2.**, ascenderon a 78.714 millóns de pesetas, segundo datos da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiamento Territorial do Ministerio de Facenda.

A súa distribución por axentes investidores foi a seguinte: 32.805 millóns de pesetas corres-

ponderon á Administración do Estado; 34.871 millóns de pesetas, á Comunidade Autónoma; 2.631 millóns de pesetas á Administración Local; 6.238 millóns de pesetas corresponderon ás empresas públicas; 320 millóns de pesetas, a outros axentes; e pendentes de aplicación, 1.849 millóns de pesetas.

Os ditos pagamentos supuxeron o 16% dos efectuados ás Comunidades Autónomas, Obxectivo I, e o 12,6% do total cobrado.

A contribución financeira do **FEOGA-Orientación**, no sector agrario, en 1999, por aplicación dos recursos a 31/12/1999, segundo a oficina orzamentaria do MAPA, elevouse a 17.014 millóns de pesetas: 5.300 millóns de pesetas de axudas directas; 10.438 millóns de pesetas en axudas indirectas; e 1.276 millóns de pesetas de iniciativas e do programa Proder.

A dita contribución financeira supuxo o 14,2% do total aplicado polas Comunidades Autónomas e o 9,17% do total dos fondos, incluíndo os pendentes de aplicación.

A contribución financeira do **IFOP** no sector pesqueiro en 1999, por aplicación dos recursos a 31/12/99, ascendeu a 26.118 millóns de pesetas (9.104 millóns de pesetas por axudas directas), o que supuxo o 18,2% do total aplicado polas Comunidades Autónomas e o 11,5% do total dos fondos, incluíndo os pendentes de aplicación.

As axudas do **Fondo Social Europeo** (FSE) en 1999 ascenderon a 20.567 millóns de pesetas e o número de persoas beneficiarias foi de 121.909. No reparto deses fondos, ó marco plurirrexional correspondéronlle 11.017 millóns de pesetas e á Comunidade Autónoma, 9.550 millóns de pesetas, o que supuxo o 7,8% do total das zonas Obxectivo I e o 5,5% do total dos fondos.

Os pagamentos do **Fondo de Cohesión** recibidos pola C.A. de Galicia en 1999 ascenderon a 9.777 millóns de pesetas. A Administración estatal obtivo 741 millóns de pesetas; a

Administración Autonómica, 2.938 millóns de pesetas, e as empresas públicas, 6.098 millóns de pesetas, o que supuxo o 5,2% do total dos pagamentos recibidos durante ese ano.

### **Instrumentos de desenvolvemento rexional do Estado**

A política rexional do Estado concrétese a través do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), os fondos económicos rexionais, o programa de cooperación económica local e mailas transferencias do Estado ás entidades locais.

#### **• O Fondo de Compensación Interterritorial**

Dentro dos recursos procedentes dos presupostos xerais do Estado á Comunidade Autónoma, a política rexional de investimentos do Estado se financia a través do Fondo de Compensación Interterritorial, que foi para Galicia en 1999 de 24.283,1 millóns de pesetas. A participación relativa de Galicia no dito fondo foi do 17,5%.

#### **• Incentivos rexionais para a corrección de desequilibrios económicos**

Segundo os datos da Dirección Xeral de Análise e Programación Orzamentaria do Ministerio de Facenda en 1999, Galicia, con 83 proxectos por un total de 43.226 millóns de pesetas de investimento subvencionable, conseguiu unha subvención aprobada de 7.610 millóns de pesetas, o que supón o 17,6% sobre o investimento subvencionable. A dita cifra superou a media das comunidades autónomas incluídas neste sistema, que foi do 14,1%. (Galicia polo sistema de incentivos rexionais pode chegar ata o 50% do investimento subvencionable, por estar considerado territorio do Tipo I). Os ditos proxectos consideraban a creación de 1.724 postos de traballo e o mantemento doutros 4.654 empregos.

A distribución dos investimentos subvencionables entre os principais sectores económicos foi a seguinte: Industria química e pro-

**Investimento público do Estado, organismos autónomos e entes públicos nas CC.AA. 1999**

|                               | Importe<br>(en millóns de pesetas) | C.A./Total<br>(%) | 99/98<br>(%) |
|-------------------------------|------------------------------------|-------------------|--------------|
| Andalucía                     | 109.011,8                          | 9,4               | 17,8         |
| Aragón                        | 34.582,9                           | 3,0               | 7,5          |
| Asturias                      | 32.768,2                           | 2,8               | 54,6         |
| Baleares                      | 16.890,7                           | 1,5               | 112,0        |
| Canarias                      | 31.546,0                           | 2,7               | -4,8         |
| Cantabria                     | 16.770,0                           | 1,4               | 41,9         |
| Castela e León                | 90.264,8                           | 7,8               | 2,0          |
| Castela - A Mancha            | 35.724,7                           | 3,1               | -13,7        |
| Cataluña                      | 52.900,2                           | 4,6               | 23,1         |
| Estremadura                   | 19.808,9                           | 1,7               | 12,6         |
| <b>Galicia</b>                | <b>60.154,2</b>                    | <b>5,2</b>        | <b>16,9</b>  |
| Madrid                        | 199.345,9                          | 17,2              | 0,8          |
| Murcia                        | 32.740,2                           | 2,8               | -15,7        |
| Navarra                       | 2.777,1                            | 0,2               | -38,4        |
| País Vasco                    | 17.159,0                           | 1,5               | 26,8         |
| Rioxa                         | 8.742,0                            | 0,8               | 32,5         |
| C. Valenciana                 | 38.225,6                           | 3,3               | -24,7        |
| Ceuta                         | 3.590,4                            | 0,3               | -4,6         |
| Melilla                       | 3.052,8                            | 0,3               | -27,0        |
| <b>Total territorializado</b> | <b>806.055,4</b>                   | <b>69,4</b>       | <b>5,9</b>   |
| <b>Non territorializado</b>   | <b>265.466,0</b>                   | <b>22,9</b>       | <b>30,3</b>  |
| <b>Exterior</b>               | <b>89.264,6</b>                    | <b>7,7</b>        | <b>11,2</b>  |
| <b>Total</b>                  | <b>1.160.786,0</b>                 | <b>100</b>        | <b>11,1</b>  |

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe Económico-Financiero de las Administraciones Territoriales. Presupuestos Generales del Estado para 1999

ducción de fibras artificiais e sintéticas (24,5%); turismo (14,3%) e extracción e industria de minerais non metálicos (14,3%).

**• Programa de Cooperación Económica Local da Administración do Estado**

Dentro do Programa de Cooperación Económica Local de 1998, as Corporacións galegas executaron a 30/06/2000 2.421 millóns de pesetas correspondentes as subvencións do Ministerio das Administracións Públicas, o que supón un 91,9% das subvencións aprobadas e un 92% das subvencións contratadas. A dita cantidade supón o 14,7% do total estatal executado a dita data.

Do Programa de Cooperación Económica Local de 1999 a 30/06/2000, as Corporacións galegas executaron 1.210 millóns de pesetas das subvencións do Ministerio das Administracións Públicas, o que significa o 42,6% das subvencións aprobadas e o 42,9% das subvencións contratadas. A dita cantidade supón ó 15,6% do total executado a dita data.

**• Outras axudas do Estado ás entidades locais**

En 1999, Galicia recibiu transferencias correntes do Presupuesto Xeral do Estado por 3.564 millóns de pesetas e transferencias de capital por 719 millóns de pesetas, o que supuxo un 3,2% e un 3,4% do total das transferencias do Estado ás entidades locais.

Os presupostos consolidados das Entidades Locais e da Comunidade Autónoma en 1999, acadaron os 1.116.170 millóns de pesetas, un 7% do total dos presupostos de gastos consolidados das CC.AA. e Entidades Locais do Estado, segundo a Dirección Xeral para a Administración Local do MAP.

**Os investimentos territorializados das Administracións públicas**

O investimento real da Administración do Estado, incluído nos Presupostos Xerais do Estado de 1999, acadou unha porcentaxe territorializable do 69% do total (3,4 puntos menos

## CADRO 5.4.4.

## Indicadores económicos de Galicia e España en termos de contabilidade rexional 1998-99

|  | Galicia              |           | España     |            | Galicia / España |          |
|--|----------------------|-----------|------------|------------|------------------|----------|
|  | 1998 (2)             | 1999 (3)  | 1998 (2)   | 1999 (3)   | 1998 (2)         | 1999 (3) |
|  | (millóns de pesetas) |           |            |            | (%)              |          |
| Producto interior bruto a precios de mercado (1) | 4.748.862            | 5.085.379 | 86.968.544 | 93.068.288 | 5,46             | 5,46     |
| Valor engadido bruto a precios básicos (1)       | 4.325.271            | 4.596.025 | 79.211.092 | 84.112.540 | 5,46             | 5,46     |
| Remuneración de asalariados                      | 2.315.393            |           | 43.594.756 |            | 5,31             |          |
| Excedente bruto de explotación                   | 1.979.441            |           | 35.069.477 |            | 5,64             |          |
|  | (miles de empregos)  |           |            |            |                  |          |
| Emprego total (ocupados)                         | 1.060,4              | 1.093,4   | 14.839,0   | 15.335,7   | 7,15             | 7,13     |
| Emprego asalariado                               | 738,2                |           | 12.140,4   |            | 6,08             |          |

(1) prezos correntes

(2) datos provisionais

(3) avance

Fonte: INE, Contabilidad Regional de España

## CADRO 5.4.5.

## Indicadores económicos de Galicia e España en termos de contabilidade rexional 1999

|  | unidade de medida              | período de referencia | Galicia | España |
|--|--------------------------------|-----------------------|---------|--------|
| <b>Producción</b>                              |                                |                       |         |        |
| PIB a prezos de mercado/hab.                   | (España=100)                   | 1999                  | 79,5    | 100    |
| Renda bruta disponible/hab. (1)                | (España=100)                   |                       | 88,3    | 100    |
| PIB / hab. en UPA (2)                          | (media UE 15=100)              | 1998                  | 64,0    | 81     |
| <b>VEB a prezos básicos</b>                    |                                |                       |         |        |
| Agricultura                                    |                                |                       | 7,1     | 4,0    |
| Industria                                      | (%)                            | 1999                  | 21,6    | 21,6   |
| Construcción                                   |                                |                       | 9,2     | 7,7    |
| Servicios                                      |                                |                       | 62,1    | 66,7   |
| <b>Productividade do traballo</b>              |                                |                       |         |        |
| <b>VEB pm/ocupado</b>                          |                                |                       |         |        |
| Agricultura                                    |                                |                       | 76,4    | 100    |
| Industria                                      | (España=100)                   | 1998                  | 51,1    | 100    |
| Construcción                                   |                                |                       | 88,2    | 100    |
| Servicios                                      |                                |                       | 91,2    | 100    |
|  |                                |                       | 76,4    | 100    |
| <b>Variación media anual do VEB pm/ocupado</b> |                                |                       |         |        |
| Agricultura                                    |                                |                       | 3,3     | 3,0    |
| Industria                                      | (%)                            | 1995-98               | 2,5     | 1,6    |
| Construcción                                   |                                |                       | -0,5    | 1,7    |
| Servicios                                      |                                |                       | 4,0     | 1,1    |
|  |                                |                       | 3,0     | 3,3    |
| <b>Estructura sectorial do emprego</b>         |                                |                       |         |        |
| Agricultura                                    |                                |                       | 18,4    | 7,3    |
| Industria                                      | (% sobre o total dos ocupados) | 1999                  | 17,9    | 20,1   |
| Construcción                                   |                                |                       | 11,1    | 10,6   |
| Servicios                                      |                                |                       | 52,5    | 61,9   |

(1) Datos procedentes de Funcas

(2) Datos procedentes de Eurostat

Fonte: Secretaría de Estado de Organización Territorial del Estado, IN E,

Contabilidad Regional de España, base 1995; Encuesta de Población Activa

que no anterior exercicio), mentres o 22,8% figura dentro da modalidade non territorializado e o 7,7% corresponde á modalidade de investimento no exterior.

Galicia recibiu da Administración do Estado (Estado, Organismos Autónomos e Entes Públicos), segundo os Presupostos Xerais do Estado para 1999, un volume de investimento público real territorializable de 60.154,2 millóns de pese-

tas, o que supón un 16,9% máis que no ano anterior, o 5,2% do total do Estado (cadro 5.4.3.).

O comportamento dos axentes das administracións públicas en 1999 e 2000 correspondentes ó investimento civil (presupostos iniciais de investimento público real territorializado, excluídos gastos de defensa e os dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, para que a comparación poda reali-

zarse en termos homoxéneos) foi o seguinte: os Concellos pasaron de 48,3 miles de millóns de pesetas en 1999 a 52,1 miles de millóns de pesetas en 2000; as Deputacións pasaron de 16,2 miles de millóns de pesetas en 1999 a 23,1 miles de millóns de pesetas en 2000; a Comunidade Autónoma pasou de 110,3 miles de millóns de pesetas en 1999 a 117,3 miles de millóns de pesetas en 2000; e o Estado pasou de 96,6 miles de millóns de pesetas en 1999 a 43,5 miles de millóns de pesetas en 2000 (**cadro C.5.9. *Investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas 1999-00: presu-  
postos iniciais***).

A participación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes ó investimento civil ó longo do período 1997-2000 reflicten a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 48,1%; as Deputacións, cun 7,1%; os Concellos, cun 21,4% e o Estado, cun 23,5%.

### Indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria

A recadación tributaria dos anos 1999 e 2000, extractada nas principais figuras impositivas, recóllese no **cadro C.5.18. (*Recadación dos principais impostos estatais 1999-00*)**.

A recadación líquida dos principais impostos estatais en Galicia en 2000 foi de 581,5 miles de millóns de pesetas. Este importe representa sobre o acadado no ano 1999 un incremento nominal de 22,1 miles de millóns de pesetas que, en termos relativos, supón un incremento do 3,9%.

En Galicia a recadación líquida do IRPF aumentou os seus ingresos en 2000, en termos nominais, nun 2,7%, acadando os 240,2 miles de millóns de pesetas.

A recadación do Imposto sobre Sociedades en 2000 foi de 115,7 miles de millóns de pesetas, cunha taxa de incremento respecto de 1999 do 8,7%.

A recadación do IVE en 2000 foi de 197,3 miles de millóns de pesetas, cunha taxa de variación do 2,3% respecto ó ano anterior.

### Indicadores económicos de Galicia en termos de contabilidade rexional

No **cadro 5.4.4.** reflíctese a evolución dos indicadores de Galicia e España en termos de Contabilidade Rexional 1998-99. Cabe salientar que nestes dous anos mantense constante a participación do VEB a prezos básicos de Galicia respecto ó VEB a prezos básicos de España no 5,46%, ó igual que a importancia relativa do emprego total no conxunto do Estado (7,1%).

A avaliación da contribución de cada factor da produción ó comportamento da economía, á eficacia productiva e á competitividade da rexión reflíctese nos datos da produtividade do traballo (**cadro 5.4.5.**) ■